

A CULTURA
É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

XIII XORNADA

CERTAMES DE POESÍA
COMO MOTORES DUNHA
LITERATURA PROPIA

E UN DEREITO

9 de xuño de 2022

Casa da Cultura de Carral

Comisario da xornada:
Carlos Lorenzo

www.aculturaeundereito.gal



Deputación
DA CORUÑA

Existe pouca dúbida de que a poesía é o xénero que mellor identifica á literatura galega no mundo, aínda que para os lectores semella ser unha disciplina menor. Son múltiples as entidades que en Galicia están a dinamizar a poesía coa organización de certames que fomenten a escrita e a lectura deste xénero. Mais non está a haber a reflexión suficiente como para valorar o impacto dos premios na creación, venda e lectura de poesía.

Dada a aposta da Deputación da Coruña pola promoción da creación literaria en xeral cos seus premios literarios, e en concreto da poesía co certame Miguel González Garcés, resulta oportuno organizar a xornada Os certames de poesía como motores dunha literatura propia, no marco da iniciativa A Cultura é un dereito, na que se valoren as experiencias dos concursos e na que se debata sobre os novos modelos de premios para que se adapten ás necesidades e esixencias deste decenio.

Contaremos cun servizo de interpretación de lingua de signos.



XOVES 9 PROGRAMA

10.30 h

Apertura da xornada co deputado de Cultura da Deputación da Coruña, Xurxo Couto, e o alcalde de Carral, Javier Gestal.

10.45 h

Presentación do estudio **Os certames de poesía en Galicia: unha análise das convocatorias actuais**, Carlos Lorenzo.

11.30 h

Mesa redonda con editoriais, **A edición de poesía premiada** con:

- Miguel Anxo Fernán Vello (Edicións Espiral Maior)
- Henrique Alvarellos (Alvarellos Editora)
- Fran Alonso (Edicións Xerais)

Moderador:

Alfredo Ferreiro

12.30 h.

Pausa café.

13.00 h

Mesa redonda con autores e autoras premiadas:

Chámome poeta e preséntome a concursos con:

- Xerardo Quintiá
- Miriam Ferradáns
- Emma Pedreira

Moderadora:

Dores Tembrás

14.00 h

Pausa xantar.

16.00 h

Presentacións dos premios Miguel González Garcés e Concello de Carral.

- Sabela Herrero (Deputación da Coruña)
- Carlos Lorenzo (Concello de Carral)

16.30 h

Conferencia: **25 anos de poesía galega**. Yolanda Castaño.

17.15 h

Mesa redonda de certames **O futuro dos premios de poesía**.

- Elvira Riveiro Tobío (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón)
- Gil Ares (premios Manuel Leiras Pulpeiro e Díaz Jácome)
- Sonia García (Premio Concello de Vilalba)

Moderador:

Eduardo Estévez

18.30 h

Peche da xornada coa presenza do representante da Deputación da Coruña e o concelleiro de Cultura do Concello de Carral, Francisco Javier Bello.

19.00 h

Concerto **Treides comigo!** de **Xoán Curiel** en instalacións anexas á Casa da Cultura, aberto ao público en xeral.

20.15 h

Fin da xornada.

A asistencia é gratuita e o aforo limitado.

A inscrición á xornada debe realizarse a través do formulario habilitado para tal fin no enlace seguinte:

www.aculturaeundereito.gal
